

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

## PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO DO CONCELLO DE MEIRA.

### 1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas é establecer as condicións técnicas que han de rexer o contrato de subministro para a adquisición dun vehículo para poder levar a cabo a prestación de servizos municipais básicos no termo municipal, por procedemento aberto simplificado, de acordo co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Código CPV do subministro: 34100000-8; Vehículos a motor.

### 2.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO SUBMINISTRO.

#### 2.1.- CARACTERÍSTICAS XERAIS.

O vehículo a subministrar ao Concello de Meira de conter como mínimo as seguintes características:

- Vehículo novo.
- Tipo de motor: diésel.
- Cilindrada mínima: 1.500.
- Caixa de cambios: manual.
- Dirección: asistida.
- Número de velocidades: 6.
- Tracción: dianteira.
- Lonxitude mínima: 4.300 mm.
- Anchura mínima: 1.800 mm.
- Altura mínima: 1.800 mm.
- Volante compacto que permita o manexo con sinxeleza polas persoas operarias municipais.
- Carga útil mínima: 750 kg.

#### 2.1.- CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS.

- Volante compacto que permita o manexo con sinxeleza polas persoas operarias municipais.
- Número de portas mínimo: 5.
- Número de prazas mínimo: 5.

### 3. CONDICIÓN XERAIS.

A modalidade de contratación do vehículo é en réxime de adquisición.

O vehículo será novo. Así mesmo, tratarase dun vehículo que se encontre no mercado nacional de vehículos de transporte novos e cuxa comercialización en dito sector permaneza como



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

mínimo por un prazo superior a seis meses dende a data de presentación das ofertas polos licitadores.

O vehículo entregarase matriculado e ao corrente de todos os tributos que correspondan, xunto con toda a documentación técnica necesaria para o seu uso e mantemento, e cantos requisitos sexan esixibles para a súa correcta circulación, e dotado daqueles elementos que por disposición legal, deban levarse a bordo.

O vehículo deberá estar rotulado segundo as indicacións do Concello de Meira con posterioridade á adxudicación. Esta rotulación correrá a cargo da empresa adxudicataria.

Durante o prazo de garantía as revisións serán gratuítas.

En caso de dúbida, as empresas licitadoras, no prazo de presentación de ofertas, poderán recabar dos servizos municipais correspondentes as aclaracións que estimen oportunas.

#### **4.- GARANTÍAS DO VEHÍCULO.**

Establécese un prazo mínimo de garantía para o vehículo obxecto do subministro do presente contrato de tres (3) anos.

#### **5.- PRAZO DE ENTREGA.**

Fíxase como prazo máximo de entrega do vehículo 20 días hábiles contados desde o día seguinte ao da adxudicación do contrato.

A entrega do mesmo constatarase na correspondente Acta de recepción do vehículo por parte do Concello de Meira, acto que se producirá diante da Casa do Concello e no que se entregarán os libros de mantemento e repostos do mesmo.

Á recepción do vehículo, por parte do adxudicatario, impartirase nos días e horas que se sinalen, as instrucións e outras explicacións necesarias para a correcta utilización do vehículo.

Meira, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Antonio de Dios Alvarez



Cod. Validación: R6329CC92PH2XL5YPJP6FQHG | Corrección: <https://meira.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2